



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) 2018

En Santiago de Compostela, o día 26 de setembro de 2018, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS:

Dunha parte, Dona Mercedes Rodríguez Moreda, en calidade de directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 8 de setembro de 2017, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 180, 21 de setembro, e de conformidade co Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Doutra parte, D. , con N.I.F. , na súa condición de presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, en adelante, CONXEMAR, cargo para o que foi nomeado na Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria de dita Asociación, en sesión celebrada o día 13 de abril de 2016 e actuando neste acto ao abeiro das facultades que lle confire a escritura pública de poder de data 15 de xuño de 2016, autorizada polo Notario Don , do Ilustre Colexio Notarial de Vigo e co número de protocolo 12/2015, páxinas CX1584056 a CX1584053,

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón os artigos 4 e 6 da Lei de contratos do



sector público (Lei 9/2017, de 8 de novembro), sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita Lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Son fins de CONXEMAR o fomento e a defensa do sistema de libre mercado, a mellora da competitividade, a defensa dos intereses do sector e a promoción de toda clase de campañas de fomento do consumo de produtos conxelados e, en particular, dos derivados da pesca.

TERCEIRO:

Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) organiza o "International World Congress on Global Fisheries Production" o 1 de outubro de 2018.

No Congreso Mundial, que versará sobre a produción mundial e os seus efectos na pesca marítima, a acuicultura e o comercio, expertos de primeiro nivel mundial da OCDE, Banco Mundial, Comisión europea e a FAO, así como directivos de empresas internacionais e autoridades pesqueiras dos principais países produtores do mundo analizarán as tendencias na produción mundial das especies de maior interese comercial e os seus efectos no comercio e na industria de procesado mundial. Estes temas serán amplamente analizados y debatidos durante este Congreso.



CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización de accións que redunden nunha mellora do sector dos produtos da pesca e a acuicultura e as industrias relacionadas, en materias tales como a comercialización, a promoción e o fomento do consumo de produtos pesqueiros.

QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de acordo as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer ás bases de colaboración entre CONXEMAR para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros, dentro de:

“International World Congress on Global Fisheries Production” o 1 de outubro de 2018.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

- Degustación de produtos do mar no Congreso.
- Gastos de explotación do Congreso
- Servizo de *catering* do Congreso.
- Servizos de desprazamento e aloxamento de poñentes e asistentes ao Congreso.



SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a CONXEMAR polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de CENTO NOVE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS E SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (109.277,64 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2018.14.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

CONXEMAR terá que cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no artigo 32 do Regulamento (CE) nº 498/2007 da Comisión do 26 de marzo de 2007, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, en vigor en base ao artigo 129 de disposicións transitorias, apartado 3 do Regulamento (UE) nº 508/2014.

CONXEMAR empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación presupostaría.

CONXEMAR aportará unha declaración doutras axudas recibidas para a mesma finalidade do convenio e xunto coa documentación presentará a conta de resultados en relación á finalidade do convenio que abranca todos os gastos e os ingresos nos que incorra na organización dos eventos obxecto do convenio.



Farase un único pago contra da presentación das facturas polas investimentos inmateriais realizadas, ás que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar para estes efectos.

Para facer efectivo o pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

CONXEMAR obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, CONXEMAR obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste Convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a CONXEMAR responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMENTO.

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta pola directora xeral de Pesca,



Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar e por D. , presidente de CONXEMAR. Dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio. Esta comisión garantirá ademais que as aportacións financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non superen os gastos derivados da execución do presente convenio.

Neste senso, CONXEMAR atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente Convenio estenderase desde a súa sinatura e ata 30 de decembro de 2018, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN.

Serán causa de resolución do Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos nos artigos 4 e 6 da Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, de 8 de novembro), e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.

Polo tanto CONXEMAR queda suxeita á LCSP en todas cantas contratacións realice que sexan cofinanciadas no marco deste convenio.



NOVENA.- REXISTRO DE CONVENIOS

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG, n.º 149, do 3 de agosto).

DÉCIMA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior do presente convenio. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba da conformidade e para a debida constancia do pactado asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en todas as follas, no lugar e data ao comezo indicados

Pola Consellería do Mar

P.D. (Orde do 8-09-2017, DOG nº 180, do 21-09-2017)

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Pola Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)

O presidente

Mercedes Rodríguez Moreda